



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Ampliación do programa para Gastos e actuacións extraordinarias no departamento de Servizos Sociais xeradas pola Covid-19

Núm. Admvo. Expte.: 2021/X999/000019

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000751

Visto o expediente para a contratación de un funcionario interino para a execución do programa para Gastos e actuacións extraordinarias no departamento de Servizos Sociais xeradas pola Covid-19, iniciado coa contratación de persoal o 15 de outubro de 2021.

Vistas as bases de selección para a contratación deste persoal, publicadas no BOP núm. 56, de 25 de marzo de 2021, nas que se establecida que *“A duración máxima da interinidade non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata doce máis se o xustificase a duración do correspondente programa.”*

Visto o informe da traballadora social, D^a M^a Dolores Antelo Collazo, de data 8 de outubro de 2024, no que xustifica a necesidade de ampliación en 12 meses máis do programa iniciado en outubro do ano 2021, por razóns de interese público e de prestación de servizo, atendendo a que non se cumpriron na súa totalidade os obxectivos e as tarefas que se enmarcaron no devandito programa, polo que é necesario e de urxencia ampliar o mesmo e deste xeito poder continuar co programa iniciado e coa prestación dos programas municipais ampliados como consecuencia da situación excepcional e extraordinaria xerada pola Covid-19 no ámbito dos servizos sociais comunitarios.

De conformidade co disposto no art. 23.2 apartado c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia: *“2. Para que pueda procederse al nombramiento de personal funcionario interino tiene que concurrir alguna de las siguientes circunstancias:*

c) La ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más de justificarlo la duración del correspondiente programa.”

Visto que queda xustificado no informe da traballadora social a necesidade e urxencia de ampliación do programa para Gastos e actuacións extraordinarias no departamento de Servizos Sociais xeradas pola Covid-19, en 12 meses máis, de acordo co previsto na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia.

Vista a conformidade coa continuidade na prestación do servizo de Carmen M^a Rodríguez Buño como funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración neste concello, programa: *“Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de servizos sociais xerados pola Covid-19”*, que iniciou o seu período de interinidade con data do 1 de xullo de 2022.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLVE:

Primeiro. Ampliar en 12 meses máis o programa temporal iniciado o 15 de outubro de 2021 para Gastos e actuacións extraordinarias no departamento de Servizos Sociais xeradas pola Covid-19, de acordo co previsto na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, e xustificada a súa ampliación para dar cumprimento aos obxectivos marcados coa execución do mesmo, no que se fai necesario proseguir co programa iniciado que non está finalizado e, deste xeito, continuar coa prestación dos programas municipais ampliados como consecuencia da situación excepcional e extraordinaria xerada pola Covid-19 no ámbito dos servizos sociais comunitarios, sendo de interese público para todas as persoas usuarias de Servizos Sociais.

Segundo. Ampliar o nomeamento de Carmen María Rodríguez Buño, con DNI núm. ***0849**, como funcionaria interina, auxiliar administrativa de Administración xeral, subgrupo C2 na área de Servizos Sociais para a execución do programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración, no programa “Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de Servizos Sociais xerados pola covid-19”.

Terceiro. Notificar a presente resolución a D^a Carmen María Rodríguez Buño con DNI núm. ***0849**, para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Quinto. Publicar esta resolución na páxina web do concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García